

3

sector público

3.1

comunidade autónoma

No ámbito dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1999 intégranse os presupostos da súa Administración Xeral, dos seus Organismos Autónomos e das súas Sociedades Públicas (tanto Entes Públicos como Sociedades Mercantís).

O presuposto consolidado (Administración Xeral máis os seus Organismos Autónomos) da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 1999 ascendeu a 979.712 millóns de pesetas, o que representa o 18,5 % do VEB galego a custo de factores (fonte: Funcas).

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable (CIXTEC), a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) e a Fundación Foro Permanente Galego e Iberoamericano de Saúde figuran por primeira vez nos presupostos iniciais da Comunidade Autónoma como entidades públicas, en tanto que Xenética

Fontao, S.A., e Retegal, S.A., aparecen por primeira vez como sociedades mercantís

Retegal, S.A., cun capital social de 10 millóns de pesetas, ten como obxectivo social a planificación e xestión das infraestruturas, sistemas e servicios de telecomunicacións. Se prevé a desafectación das infraestruturas de telecomunicacións para proceder á ampliación de capital mediante a aportación das mesmas. Ten previsto a obtención dun beneficio de 34 millóns de pesetas polas relacións comerciais con terceiros.

O ámbito dos presupostos detállase no **cadro 3.1.1.**

O presuposto de ingresos da Administración xeral

O sistema financeiro aplicable a Galicia é o do réxime común regulado na LOFCA, segundo o modelo vixente para o período 1997-

CADRO 3.1.1.

Ámbito dos Presupostos Xerais da C.A. de Galicia 1999

Administración Xeral	Administración Institucional			
	Organismos Autónomos		Sociedades Públicas	
Seccións	Administrativos	Comerciais, industriais e financeiros	Entes públicos	Sociedades mercantís
Parlamento (1) Consello de Contas(1) Consello da Cultura Galega(1)				
C ^a de Presidencia e Admon. Pública	EGAP			S.A. de Desenvolvemento Comarcal; S.A. Centro Supercomput. de Galicia
C ^a de Economía e Facenda	IGE		CES; IGAPE; CIXTEC	CEEI Galicia, S.A.; SODIGA; SPI Galicia S.A.
C ^a de Política Territorial, O.P. e Vivenda	Augas de Galicia	IGVS	Portos de Galicia; Obras e Serv. Hidráulicos	Xestur Coruña, S.A.; Xestur Lugo, S.A.; Xestur Ourense, S.A.; Xestur Pontevedra, S.A.
C ^a de Educación e Ord. Universitaria				
C ^a de Industria e Comercio	IGC			Galiol, S.A. Galicia Calidade, S.A. XESTENGA, S.A. Xenética Fontao, S.A.
C ^a de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria		ILLGA		
C ^a de Cultura, Comunicac. Social e Turismo		IGAEM	CRTVG	TVG,S.A.; RTVG, S.A.; S.A. Xestión Xacobeo; S.I.P.T.-Galicia S.A.; RETEGAL, S.A.
C ^a de Sanidade e Servicios Sociais	SERGAS		Fundación Hospital de Verín; Fundación I.G. Oftalmoloxía; Fundación H.C. Virxe de Xunqueira; Fundación H.C. A Barbanza; E.G. Admón.S.; F.P.G.I. Saúde	MEDTEC, S.A.
C ^a de Pesca, Marisqueo e Acuicultura				
C ^a de Xustiza, Interior e Relacións Laborais	AGS			
C ^a de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	SGPIHM			
C ^a de Medio Ambiente				SOGAMA, S.A.
Consello Consultivo de Galicia(1)				
Transferencias a CC.LL.				
Débeda Pública				
Gastos diversas Consellerías				

(1) Órganos estatutarios sen dependencia funcional da Administración Xeral
 Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

2001, do que se exclúe o sistema de financiamento sanitario. A Lei 14/1996, do 30 de decembro, atribúe á Comunidade Autónoma capacidade normativa sobre o tramo autonómico do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), sobre o Imposto sobre Sucesións e Doazóns e sobre o Imposto sobre o Patrimonio das Persoas Físicas.

A previsión de ingresos no presuposto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma sitúase en 668.506 millóns de pesetas, cun incremento nominal do 6,5% sobre o exercicio anterior.

Os ingresos propios acadan un total de 162.391 millóns de pesetas, o 24,3% do presu-

posto de ingresos da Administración Xeral, perdendo peso respecto ó ano anterior, no que os ingresos propios significaban o 25% do total do presuposto de ingresos da Administración Xeral.

Considerando os ingresos propios en tres grupos, en función do seu maior nivel de autonomía, os recursos propios de carácter non financeiro sitúanse en 14.955 millóns de pesetas (2,2% dos ingresos totais da Administración Xeral), un 4,5% menos que no exercicio anterior; os ingresos financeiros sitúanse en 40.867 millóns de pesetas (6,1% dos ingresos totais da Administración Xeral), un 4,4% menos que no exercicio anterior; e os tributos cedidos acadan os 106.569 millóns de pesetas (o 15,9% dos ingresos totais da Administración Xeral), un 7,7% máis que no exercicio anterior, segundo recolle o **cadro 3.1.2.**

Os ingresos transferidos, cun importe de 506.116 millóns de pesetas, significan o 75,7% do financiamento total da Administración Xeral, aumentando o seu peso respecto ó ano anterior, no que os ingresos transferidos significaban o 74,9% do total do presuposto de ingresos da Administración Xeral.

Considerando os ingresos transferidos en tres grupos, en función da súa orixe, os recursos procedentes dos presupostos xerais do Estado sitúanse en 443.356 millóns de pesetas (66,3% dos ingresos totais da Administración Xeral), un 9,2% máis que no exercicio anterior.

A partida máis importante é o PIE, que, con 297.486 millóns de pesetas, aumenta un 14,24% respecto ó ano anterior e convírtese no capítulo sobranceiro do presuposto do ingresos.

Dentro dos recursos procedentes dos presupostos xerais do Estado, destaca que a participación de Galicia no Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), recollida no **cadro 3.1.3.**

O FCI que corresponde a Galicia diminúe tanto en termos absolutos como relativos: pasou de 24.540 millóns de pesetas en 1998 a 24.283 millóns de pesetas en 1999, e a súa participación relativa pasou do 18,01% do dito fondo en 1998 ó 17,51% en 1999.

O modelo vixente do FCI consta de cinco variables distributivas (porcentualmente ponderadas): poboación (87,5%), superficie (3%), paro (1%), saldo migratorio (1,6%) e dispersión da poboación (6,9%), e de dúas variables redistributivas: VAB/hab. (20% sobre o resultado anterior) e insularidade (3,2% de adición a Canarias). Galicia diminuíu a porcentaxe de participación debido ó incremento do VEB por habitante, a perda de poboación e o saldo migratorio negativo.

Pola súa banda, os recursos procedentes da Unión Europea, dentro do Marco de Apoio Comunitario para o período 1994-1999, acadan os 61.142 millóns de pesetas (9,1% dos ingresos totais da Administración Xeral), un 1,82% menos que no exercicio anterior. Cabe destacar o incremento do 65,8% do FSE (3.699 millóns de pesetas), que permite, entre outros, un incremento de 2.650 millóns de pesetas do programa: *241.B.- Fomento de emprego.FSE.*

O FEDER diminúe nun 22,3% (3.886 millóns de pesetas). O FEOGA incrementase nun 25,3% (4.567 millóns de pesetas) e o Fondo de Cohesión diminúe un 77,46% (6.302 millóns de pesetas). A diminución do FEDER e do Fondo de Cohesión explícanse por ser o ano 1999 o último ano da execución do MAC 1994-1999, polo que presupóstanse o saldo do financiamento autorizado nos respectivos programas.

Outras transferencias aportan 1.618 millóns de pesetas (0,2% dos ingresos totais da Administración Xeral), como se amosa no **cadro 3.1.4.**

CADRO 3.1.2.

Presupostos da Administración Xeral da C.A. 1998-99: ingresos propios

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	(% / total)	(en millóns de pesetas)	(% / total)	(%)
Ingresos de carácter non financeiro	114.632	72,8	121.524	74,8	6,01
Recursos propios	15.655	9,9	14.955	9,2	-4,47
Taxas, prezos e outros	10.855	6,9	10.050	6,2	-7,42
Gravamen sobre a contaminación atmosférica e Tributación autonómica sobre o xogo	3.200	2,0	3.305	2,0	3,28
Ingresos patrimoniais	1.500	0,9	1.500	0,9	0,00
Ingresos por alleamento de investimentos	100	0,1	100	0,1	0,00
Tributos cedidos	98.977	62,9	106.569	65,6	7,67
Tramo autonómico do IRPF	44.402	28,2	48.369	29,8	8,93
Sucesións e doazóns	11.200	7,1	11.800	7,2	5,36
Patrimonio	4.700	3,0	5.300	3,3	12,77
Transmisións patrimoniais e a.xur.doc	27.100	17,2	30.500	18,8	12,55
Taxa sobre o xogo	11.575	7,4	10.600	6,5	-8,42
Ingresos de carácter financeiro	42.751	27,2	40.867	25,2	-4,41
Activos financeiros	2	-	-	-	-
Endebadamento	42.749	27,2	40.867	25,2	-4,40
Total	157.383	100,0	162.391	100,0	3,18

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.3.

Fondo de Compensación Interterritorial 1998-99: capítulo VII do presuposto de gastos do Estado

	1998		1999	
	(miles de pesetas)	(%)	(miles de pesetas)	(%)
Andalucía	55.354.940	40,63	57.397.000	41,38
Asturias	4.581.916	3,36	4.568.700	3,29
Canarias	5.983.876	4,39	5.857.200	4,22
Cantabria	1.254.816	0,92	1.288.500	0,93
Castela-León	12.030.425	8,83	10.733.700	7,74
Castela A Mancha	9.969.039	7,32	10.073.600	7,26
C. Valenciana	7.767.322	5,70	8.927.900	6,44
Extremadura	10.195.206	7,48	10.514.600	7,58
Galicia	24.540.431	18,01	24.283.100	17,51
Murcia	4.566.929	3,35	5.052.700	3,64
Total	136.244.900	100	138.697.000	100

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda

A relación entre ingresos propios e transferidos configura o nivel de autonomía financeira da Comunidade Autónoma. En 1999, a proporción dos ingresos propios e asimilados perde peso en 0,8 puntos na previsión de financiamento total realizada en 1999. Destaca a diminución de recursos propios dun 4,47%, debido o descenso dos ingresos por taxas, prezos e outros dun 7,4%. Os tributos cedidos increméntanse nun 7,7%. Dentro deles, o tramo autonómico do IRPF increméntase nun 8,9% (3967 millóns de pesetas).

Os dereitos recoñecidos netos no presuposto de ingresos da Administración xeral, a 31 de decembro de 1999, acadaron os 712.572 millóns de pesetas, un 6,6% máis da previsión inicial e un 12,1% máis que no exercicio anterior, cando foran de 635.399 millóns de pesetas.

O presuposto de gastos da Administración Xeral

O presuposto de gastos da Administración Xeral para 1999 ascendeu a 668.506 millóns de

CADRO 3.1.4.

Presupostos da Administración Xeral da C.A. 1998-99: ingresos transferidos

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	(% / total)	(en millóns de pesetas)	(% / total)	(%)
Transferencias dos Presup. Xerais do Estado	405.874	86,3	443.356	87,6	9,23
PIE	260.414	55,4	297.486	58,8	14,24
FCI	24.540	5,2	24.283	4,8	-1,05
Participación das CC.LL. nos tributos do Estado	78.283	16,6	81.702	16,1	4,37
Subvencións finalistas	27.132	5,8	26.943	5,3	-0,70
INSERSO	10.842	2,3	10.942	2,2	0,92
Custo novas transferencias	2.663	0,6	-	-	-
Outras transferencias	2.000	0,4	2.000	0,4	0,00
Transferencias da UE	62.278	13,3	61.142	12,1	-1,82
FSE	5.618	1,2	9.317	1,8	65,84
FEDER	17.450	3,8	13.564	2,7	-22,27
FEOGA	18.087	3,8	22.654	4,5	25,25
IFOP	9.326	2,0	10.245	2,0	9,85
Fondos de Cohesión	8.136	1,7	1.834	0,4	-77,46
Iniciativas comunitarias e outras transferencias da UE	3.661	0,8	3.528	0,7	-3,63
Outras transferencias	2.005	0,4	1.618	0,3	-19,30
De entes públicos	2.000	0,4	1.613	0,3	-19,35
De CC.LL.	5	-	5	-	0,00
Total	470.157	100,0	506.116	100,0	7,65

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.5.

Presuposto de gastos da Administración Xeral da C.A. 1998-99: distribución económica

Capítulos	1998		1999		99/98	
	(en millóns de pesetas)	(en millóns de pesetas)	(en millóns de pesetas)	(% / total)	1998	1999
I Gastos de persoal	183.645	193.135	9.490	5,2	29,2	28,9
II Gastos en bens correntes e servizos	35.087	39.835	4.748	13,5	5,6	6,0
III Gastos financeiros	31.934	30.573	-1.361	-4,3	5,1	4,6
IV Transferencias correntes	188.185	204.852	16.667	8,9	30,0	30,6
Total Operacións Correntes	438.851	468.395	29.544	6,7	69,9	70,1
VI Investimentos reais	61.333	68.127	6.794	11,1	9,8	10,2
VII Transferencias de capital	102.068	104.016	1.948	1,9	16,3	15,6
Total operacións non financeiras de capital	163.401	172.143	8.742	5,4	26,1	25,8
Total Gastos non Financeiros	602.252	640.538	38.286	6,4	96,0	95,8
VIII Activos financeiros	3.539	5.101	1.562	44,1	0,5	0,8
IX Pasivos financeiros	21.749	22.867	1.118	5,1	3,5	3,4
Total operacións financeiras de capital	25.288	27.968	2.680	10,6	4,0	4,2
Total Gastos Financeiros	25.288	27.968	2.680	10,6	4,0	4,2
Total Operacións de Capital	188.689	200.111	11.422	6,1	30,1	29,9
Total	627.540	668.506	40.966	6,5	100,0	100,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

pesetas, cun incremento nominal do 6,5% (40.966 millóns de pesetas) máis que no exercicio anterior. O incremento das operacións correntes respecto ó exercicio anterior é do 6,7% (29.544 millóns de pesetas) e o incremento das operacións non financeiras de capital é

do 5,4% (8.742 millóns de pesetas), tal como reflicte a súa distribución económica no **cadro 3.1.5.**

Dentro das operacións non financeiras de capital, as transferencias de capital acadan os

104.016 millóns de pesetas, un 1,9% máis que no exercicio anterior, e os investimentos reais acadan os 68.127 millóns de pesetas, un 11,1% máis que no exercicio de 1999. O incremento, en valores absolutos, das operacións non financeiras de capital, respecto ó ano 1999, foi de 8.742 millóns de pesetas.

As obrigas recoñecidas, a 31 de decembro de 1999, acadaron os 703.930 millóns de pesetas, un 91,4% sobre o presuposto vixente a dita data, que era de 769.890 millóns de pesetas, despois de aplicar ós créditos iniciais as modificacións de crédito do exercicio, que acadaron os 101.384 millóns de pesetas (un 15,2% dos créditos iniciais). Un 55% destas modificacións correspondeu a transferencias de capital, un 18,6%, a investimentos reais e un 17,8%, a transferencias correntes. No exercicio anterior, as ditas modificacións foron dun 11,6% dos créditos iniciais.

O presuposto dos organismos autónomos

O presuposto dos organismos autónomos administrativos acada no ano 1999 os 319.481 millóns de pesetas, un 3,4% (10.370 millóns de pesetas) máis que en 1998.

O devandito incremento é debido, fundamentalmente, ó Servicio Galego de Saúde, cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 1999 que ascendeu a 304.502 millóns de pesetas, un 5,3% (15.363 millóns de pesetas) superior á do ano anterior. Augas de Galicia, cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 1999 de 11.955 millóns de pesetas, rexistra unha diminución do 30,4% (5.223 millóns de pesetas) respecto ó ano anterior.

As operacións de capital dos organismos autónomos administrativos (caps. VI e VII) acadaron o 9,6% (30.689 millóns de pesetas) do

total presupostado, 1,7 puntos menos do que significaba no exercicio anterior. O Sergas, con 19.120 millóns de pesetas, e Augas de Galicia, con 11.066 millóns de pesetas, representan o 98,36% do total das operacións de capital dos organismos autónomos administrativos, que diminúe en 4.383 millóns de pesetas con respecto ó presuposto de 1998, como amosa o **cadro 3.1.6.**

O presuposto dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos acada os 34.721 millóns de pesetas, un 24,5% máis que no ano anterior.

As operacións de capital dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos (caps. VI e VII) supuxeron o 91,4% (31.743 millóns de pesetas) do total presupostado, cun aumento de 6.680 millóns de pesetas con respecto ó presuposto de 1998. Estes datos están reflectidos no **cadro 3.1.7.**

O presuposto consolidado

A través do presuposto consolidado pode apreciarse a dimensión real que os programas de ingresos e gastos da Administración Xeral e dos organismos autónomos proxectan sobre a actividade económica e social de Galicia, unha vez eliminadas as transferencias internas entre os sectores mencionados (fundamentalmente, caps. IV e VII de gastos da Administración Xeral a caps. IV e VII de ingresos dos organismos autónomos), que acadaron os 42.996 millóns de pesetas.

O presuposto consolidado previsto para 1999 ascendeu a 979.712 millóns de pesetas, cantidade que supera en 58.112 millóns de ptas. ós estimados inicialmente no ano anterior, sobre os que se incrementa un 6,3%.

Os ingresos por operacións correntes (848.383 millóns de pesetas) experimentaron

CADRO 3.1.6.

Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos administrativos 1999

(en millóns de pesetas)

Ingresos								
Capítulos								
I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Total
Escola Galega de Admón. Pública			444			7		451
Instituto Galego de Estatística		12	344			334		690
Augas de Galicia		979	380	30		10.566		11.955
Instituto Galego de Consumo		10	538	3		154		705
Servicio Galego de Saúde		3.629	300.873					304.502
Academia Galega de Seguridade			260					260
Serv. Galego Promoción Iguald. H-M			910			8		918
Total		4.630	303.749	33		11.069		319.481

Gastos								
Capítulos								
I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Total
Escola Galega de Admón. Pública	117	263	64		7			451
Instituto Galego de Estatística	322	31	3		334			690
Augas de Galicia	609	130	150		10.895	171		11.955
Instituto Galego de Consumo	411	39	101		154			705
Servicio Galego de Saúde	134.850	80.073	70.219		18.898	222	240	304.502
Academia Galega de Seguridade	93	167						260
Serv. Galego Promoción Iguald. H-M	90	44	776		8			918
Total	136.492	80.747	71.313		30.296	393	240	319.481

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.7.

Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos comerciais, industriais e financeiros 1999

(en millóns de pesetas)

INGRESOS								
Capítulos								
I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Total
Instituto Galego de Vivenda e Solo		125	1.235	100	7.648	10.855	6	19.969
Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia			862	7		13.090		13.959
Inst. Galego de Artes Escén. e Music.			343	50		400		793
Total	-	-	2.440	157	7.648	24.345	6	34.721

GASTOS								
Capítulos								
I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Total
Instituto Galego de Vivenda e Solo	932	383	145		10.255	7.948	306	19.969
Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia	729	102	38		411	12.679		13.959
Inst. Galego de Artes Escén. e Music.	198	94	51		450			793
Total	1.859	579	145	89	11.116	20.627	306	34.721

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

un incremento de 65.897 millóns de pesetas, un 8,4% superior ó exercicio anterior. A previsión presupostaria de ingresos por impostos directos acada a cifra de 65.469 millóns de pesetas, un 8,6% superior á do ano anterior. Respecto ós impostos indirectos, a previsión presupostaria de ingresos cífrase en 33.805 millóns de pesetas, un 11,6% superior á do ano anterior. No caso das taxas, prezos e outro ingresos, a previ-

sión presupostaria é de 25.404 millóns de pesetas, un 5,4% por debaixo da de 1998.

Os ingresos polo total das operacións de capital (131.329 millóns de pesetas) diminúen en 7.785 millóns de pesetas, un 5,6% menos que o ano anterior. Esta diminución correspóndese basicamente co descenso dos ingresos procedentes de transferencias de capital, que bai-

CADRO 3.1.8.

Presuposto consolidado da C.A. 1998-99: distribución económica

Ingresos

	1998	1999	1998	1999	99/98	
	importe		valor relativo		importe	%
	(en millóns de pesetas)		%			
I Impostos directos	60.302	65.469	6,5	6,6	5.167	8,6
II Imposto indirectos	30.300	33.805	3,3	3,5	3.505	11,6
III Taxas, prezos e outros ingresos	26.844	25.404	2,9	2,6	-1.440	-5,4
IV Transferencias correntes	663.376	722.015	72,0	73,7	58.639	8,8
V Ingresos patrimoniais	1.664	1.690	0,2	0,2	26	1,6
Total operación correntes	782.486	848.383	84,9	86,6	65.897	8,4
VI Alleamento de investimentos reais	7.374	7.748	0,8	0,8	374	5,1
VII Transferencias de capital	88.983	82.708	9,7	8,4	-6.275	-7,1
Total Ingresos non financeiros	878.843	938.839	95,4	95,8	59.996	6,8
VIII Activos financeiros	8	6	-	-	-2	-25,0
IX Pasivos financeiros	42.749	40.867	4,6	4,2	-1.882	-4,4
Total Ingresos Financeiros	42.757	40.873	4,6	4,2	-1.884	-4,4
Total Operacións de Capital	139.114	131.329	15,1	13,4	-7.785	-5,6
Total	921.600	979.712	100	100	58.112	6,3

Gastos

	1998	1999	1998	1999	99/98	
	importe		valor relativo		importe	%
	(en millóns de pesetas)		%			
I Gastos de persoal	317.582	331.486	34,4	33,8	13.904	4,4
II Gastos en bens correntes e servizos	111.121	121.161	12,1	12,4	10.040	9,0
III Gastos financeiros	31.994	30.718	3,5	3,1	-1.276	-4,0
IV Transferencias correntes (1)	244.581	265.971	26,5	27,2	21.390	8,7
Total operación correntes	705.278	749.337	76,5	76,5	44.059	6,2
VI Investimentos reais (2)	104.580	109.538	11,4	11,2	4.958	4,7
VII Transferencias de capital (1)	85.985	92.323	9,3	9,4	6.338	7,4
Total operacións non financeiras de capital	190.565	201.861	20,7	20,6	11.296	5,9
Total Gastos non Financeiros	895.843	951.198	97,2	97,1	55.355	6,2
VIII Activos financeiros	4.008	5.647	0,4	0,6	1.639	40,9
IX Pasivos financeiros	21.749	22.867	2,4	2,3	1.118	5,1
Total operacións financeiras de capital	25.757	28.514	2,8	2,9	2.757	10,7
Total Gastos Financeiros	25.757	28.514	2,8	2,9	2.757	10,7
Total Operacións de Capital	216.332	230.375	23,5	23,5	14.053	6,5
Total	921.600	979.712	100,0	100,0	58.112	6,3

(1) cadro 3.1.12. Distribución orgánica

(2) cadro 3.1.10. Distribución orgánica

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

xan un 7,1% (6.275 millóns de pesetas), debido principalmente ó descenso das transferencias dos fondos europeos –FEDER e Fondo de Cohesión– e de operacións de endebedamento, que baixan un 4,4% (1.882 millóns de pesetas) respecto ó ano anterior, debido a política de redución do déficit no marco do Pacto de Estabilidade e Crecemento (cadro 3.1.8.).

Os gastos por operacións correntes (749.337 millóns de pesetas) medran un 6,2% (44.059 millóns de pesetas), principalmente polas funcións de educación (implantación da Loxse), sanidade (evolución positiva do seu presuposto de ingresos) e promoción de emprego, cun aumento do 43,5% (8.188 millóns de pesetas). Dentro desta última función, o progra-

CADRO 3.1.9.

Presuposto consolidado de gastos da C.A. 1998-99: distribución funcional

(en millóns de pesetas)

Grupos de funcións	1998		1999		99/98	
	importe (en millóns de pesetas)	valor relativo %	importe	valor relativo	Importe	%
1 Servicios de carácter xeral	20.257	2,2	20.499	2,1	242	1,2
11 Alta dirección da C.A.	3.916	0,4	4.158	0,4	242	6,2
12 Administración xeral	15.991	1,7	16.341	1,7	350	2,2
13 Admon. electoral e partidos políticos	350	0,0	-	0,0	- 350	-100,0
2 Seguridade, protección e promoción social	70.725	7,7	63.841	6,5	- 6.884	-9,7
21 Seguridade e protección social	36.940	4,0	35.079	3,6	- 1.861	-5,0
22 Promoción social	13.263	1,4	-	0,0	- 13.263	-100,0
23 Protección civil e seguridade	1.708	0,2	1.760	0,2	52	3,0
24 Promoción do emprego	18.814	2,0	27.002	2,8	8.188	43,5
3 Produción de bens públicos de carácter social	564.454	61,2	614.801	62,8	50.347	8,9
31 Sanidade	296.666	32,2	312.146	31,9	15.480	5,2
32 Educación	197.177	21,4	226.989	23,2	29.812	15,1
33 Vivenda e urbanismo	18.367	2,0	22.690	2,3	4.323	23,5
34 Benestar comunitario	19.736	2,1	16.278	1,7	- 3.458	-17,5
35 Cultura	20.610	2,2	23.259	2,4	2.649	12,9
36 Outros servizos comunitarios e sociais	11.898	1,3	13.439	1,4	1.541	13,0
4 Produción de bens públicos de carácter económico	45.808	5,0	48.233	4,9	2.425	5,3
41 Infraestrutura básica e do transporte	26.351	2,9	28.057	2,9	1.706	6,5
42 Outras infraestruturas	13.831	1,5	13.337	1,4	- 494	-3,6
43 Investigación científico-técnica e aplicada	4.815	0,5	6.029	0,6	1.214	25,2
44 Información estatística básica	811	0,1	810	0,1	- 1	-0,1
5 Regulación económica de carácter xeral	9.605	1,0	14.849	1,5	5.244	54,6
51 Actuacións económicas xerais	2.426	0,3	6.157	0,6	3.731	153,8
52 Comercio	2.232	0,2	2.477	0,3	245	11,0
53 Actividades financeiras	4.947	0,5	6.215	0,6	1.268	25,6
6 Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial	39.714	4,3	44.131	4,5	4.417	11,1
61 Agricultura, gandería e pesca	21.897	2,4	27.601	2,8	5.704	26,0
62 Industria	1.311	0,1	1.335	0,1	24	1,8
63 Enerxía	3.836	0,4	3.798	0,4	- 38	-1,0
64 Minería	90	0,0	205	0,0	115	127,8
65 Turismo	1.900	0,2	2.031	0,2	131	6,9
66 Industrialización e reordenación industrial	10.599	1,2	9.108	0,9	- 1.491	-14,1
67 Desenvolvemento empresarial	82	0,0	53	0,0	- 29	-35,4
7 Plan de crecemento e emprego	34.493	3,7	33.785	3,4	- 708	-2,1
71 Complexo agro-gandeiro	10.060	1,1	14.199	1,4	4.139	41,1
72 Complexo mar-industria	13.150	1,4	10.964	1,1	- 2.186	-16,6
73 Complexo silvicultura-madeira	202	0,0	3.157	0,3	2.955	1462,9
74 Complexos prioritarios do sector industrial	1.461	0,2	1.582	0,2	121	8,3
75 Complexo turismo, loxística e servizos a empresas	2.621	0,3	3.883	0,4	1.262	48,1
79 Plan de crecemento e emprego	7.000	0,8	-	0,0	- 7.000	-100,0
8 Transferencias a entidades locais	82.862	9,0	86.372	8,8	3.510	4,2
81 Transferencias a entidades locais	82.862	9,0	86.372	8,8	3.510	4,2
9 Débeda pública	53.682	5,8	53.201	5,4	- 481	-0,9
91 Débeda pública	53.682	5,8	53.201	5,4	- 481	-0,9
Total	921.600	100,0	979.712	100,0	58.112	6,3

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

ma 241.- Fomento de emprego FSE pasa de 2.748 millóns de pesetas en 1998 a 5.398 millóns de pesetas en 1999, o que significa un incremento do 96,5%.

As transferencias correntes experimentan un crecemento do 8,7% (21.390 millóns de pesetas) e acadan os 265.971 millóns de pesetas. O desglose orgánico e por actuacións pre-

vistas das transferencias correntes aparece máis adiante, nos **cadros 3.1.12. e 3.1.14.**

Os gastos por operacións non financeiras de capital (201.861 millóns de pesetas) aumentan respecto o ano 1998 nun 5,9% (11.296 millóns de pesetas) (**cadro 3.1.8.**). Os investimentos reais medran respecto o ano anterior un 4,7% (4.958 millóns de pesetas) ata acadar os

CADRO 3.1.10.

Presupostos Xerais da C.A. Galega 1999: Investimentos Reais. Distribución Orgánica

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	S. Centr.	Varios	Total	%
Administración Xeral (1)	7.841.258	4.591.245	4.819.796	6.370.310	7.617.227	36.887.506	68.127.342	62,2
Parlamento	-	-	-	-	248.200	-	248.200	0,2
Consello de Contas	-	-	-	-	28.000	-	28.000	0,0
Consello da Cultura Galega	-	-	-	-	13.720	-	13.720	0,0
Presidencia	520.002	168.000	265.798	270.001	1.417.692	501.691	3.143.184	2,9
Economía e Facenda	666.807	-	150.000	-	-	498.521	1.315.328	1,2
Política Territorial	1.824.393	1.469.738	2.314.249	2.703.293	120.562	9.768.338	18.200.573	16,6
Educación	3.031.975	890.569	748.604	2.438.349	544.573	2.380.523	10.034.593	9,2
Industria e Comercio	-	-	-	-	312.960	872.000	1.184.960	1,1
Agricultura	1.357.765	1.639.938	1.291.145	795.079	1.145.963	1.845.304	8.075.194	7,4
Cultura	-	-	-	-	1.143.933	3.387.790	4.531.723	4,1
Sanidade e Servizos Sociais	-	-	-	-	14.400	3.286.045	3.300.445	3,0
Pesca	-	-	-	2.700	90.184	3.822.671	3.915.555	3,6
Xustiza	338.816	413.000	50.000	50.000	149.500	938.756	1.940.072	1,8
Familia	-	-	-	-	-	1.279.299	1.279.299	1,2
Medio Ambiente	101.500	10.000	-	110.888	530.740	8.089.296	8.842.424	8,1
Consello Consultivo	-	-	-	-	19.000	-	19.000	0,0
Gastos de Diversas Consellerías	-	-	-	-	1.837.800	217.272	2.055.072	1,9
Organismos Autónomos	8.880.553	3.431.975	2.840.232	11.516.725	1.711.040	13.023.742	41.410.907	37,8
Escola Galega de Administración Pública	-	-	-	-	6.640	-	6.640	0,0
Instituto Galego de Estatística	-	-	-	-	333.800	-	333.800	0,3
Augas de Galicia	1.982.597	610.277	566.095	4.575.966	570.000	2.590.000	10.894.935	9,9
Instituto Galego de Consumo	-	-	-	-	29.000	125.000	154.000	0,1
Servizo Galego de Saúde	4.883.874	1.667.000	1.452.000	4.486.200	666.240	5.742.342	18.897.656	17,3
Serv. Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller	-	-	-	-	-	8.000	8.000	0,0
Instituto Galego de Vivenda e Solo	2.014.082	1.154.698	822.137	2.454.559	-	3.809.400	10.254.876	9,4
Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia	-	-	-	-	77.000	334.000	411.000	0,4
Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais	-	-	-	-	35.000	415.000	450.000	0,4
Total	16.721.811	8.023.220	7.660.028	17.887.035	9.328.267	49.911.248	109.538.249	100

(1) Cadro 3.1.11. Actuacións previstas

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos 1999

CADRO 3.1.11.

Actuacións previstas dos investimentos reais 1999

	importe	%	Total Consellería	%
	(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)	
Consellería de Presidencia e Adm. Publ.				
SXPA	472	0,7		
Redes de datos da Xunta de Galicia	375	0,6		
Instalación piscinas no complexo Acea da Ma (Culleredo)	270	0,4		
Outras actuacións	2.026	3,0	3.143	4,6
Consellería de Economía e Facenda				
Edificio de usos múltiples de San Lázaro	380	0,6		
Restauración Convento de San Roque (Santiago)	207	0,3		
Construcción dun edificio de usos múltiples en Ourense	150	0,2		
Obra nova por mandatos a SPI, S.A.	150	0,2		
Outras actuacións	428	0,6	1.315	1,9
Consellería de Política Territorial, O.P. e Vivenda				
Convenios con outras administracións	2.200	3,2		
Conservación por contrata	2.080	3,1		
Pago de expropiacións	1.700	2,5		
N/PO/90.4.7 Sanxenxo-O Grove	1.075	1,6		
Outras actuacións	11.146	16,4	18.201	26,7
Consellería de Educación e Ordenación Univ.				
Campañas de normalización lingüística	1.260	1,8		
Reparación, ampliación e mellora de centros educativos	1.037	1,5		
IESP Valga. Pontevedra	552	0,8		
Mobiliario e utensilios	507	0,7		
Outras actuacións	6.679	9,8	10.035	14,7
Consellería de Industria e Comercio				
Promoción do comercio e dos produtos galegos	500	0,7		
Laboratorio oficial de Metroloxía	100	0,1		
Selado e clausura de antigas explotacións mineiras	100	0,1		
Estudios, traballos e asistencia en materia de industria	75	0,1		
Outras actuacións	411	0,6	1.186	1,7
Consellería de Agricultura, Gandería e Montes				
Concentración parcelaria, obras e servizos inherentes	3.709	5,4		
Infraestruturas de comunicación no medio rural	1.228	1,8		
Actos clínicos e gastos complementarios	746	1,1		
Melloras sanitarias da gandería transfronteiriza	412	0,6		
Outras actuacións	1.980	2,9	8.075	11,9
Consellería de Cultura, Com. e Turismo				
Edificios e outras construcións	735	1,1		
Proxecto Cidade da Cultura	500	0,7		
Valoración recursos culturais en rutas de interese turístico	371	0,5		
Centro Galego de Arte Contemporáneo	214	0,3		
Outras actuacións	2.712	4,0	4.532	6,7
Consellería de Sanidade e servizos Sociais				
Programa Risga	419	0,6		
Programa de loita contra as drogodependencias	459	0,7		
Programa galego de vacinación	710	1,0		
Programa de detección precoz do cancro de mama	218	0,3		
Outras actuacións	1.494	2,2	3.300	4,8
Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura				
Equipamentos pesqueiros	322	0,5		
Promoción de produtos e investigación de mercados	220	0,3		
Zonas marítimas costeiras	220	0,3		
Servicio de salvamento e loita contra a contaminación no mar	755	1,1		
Outras actuacións	2.399	3,5	3.916	5,7
Consellería de Xustiza, Interior e RR.LL				
Construcción nova sede Xulgados de Lugo	413	0,6		
Informatización Administración de Xustiza	228	0,3		
Rehabilitación da Sede do Tribunal de Xustiza de Galicia	231	0,3		
Servicio de helicópteros	208	0,3		
Outras actuacións	860	1,3	1.940	2,8
Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuv.				
Obras de reparación de edificios e outras construcións	229	0,3		
Plano de apoio á familia	229	0,3		
Actividades Tive Galicia	120	0,2		
Outras actuacións	701	1,0	1.279	1,9
Consellería de Medio Ambiente				
Prevención e extinción de incendios	2.000	2,9		
Tratamentos selvícolas e mellora da infraestrutura	775	1,1		
Aluguer medios aéreos de extinción	760	1,1		
Plano de conservación da Biodiversidade	521	0,8		
Outras actuacións	4.786	7,0	8.842	13,0
Outros investimentos reais				
Parlamento	248	0,4		
Consello de Contas	28	0,0		
Consello da Cultura Galega	13	0,0		
Consello Consultivo	19	0,0		
Gastos diversas Consellerías	2.055	3,0	2.363	3,5
TOTAL	68.127	100	68.127	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

109.538 millóns de pesetas. As transferencias de capital medran un 7,4% (6.338 millóns de pesetas), acadando os 92.323 millóns de pesetas. O seu desglose orgánico e por actuacións previstas dos investimentos reais aparecen nos **cadros 3.1.10. e 3.1.11.** e o das transferencias de capital, nos **cadros 3.1.12. e 3.1.13.**

O total de operacións non financeiras de capital en 1999 representou o 3,82% do VEB galego a custo de factores (fonte: Funcas).

Desde o punto de vista da súa distribución funcional, a parte máis importante (88,4%) do presuposto consolidado repartíuse entre as seguintes funcións: Sanidade, o 31,9% (312.146 millóns de pesetas); Educación o 23,2% (226.989 millóns de pesetas); Transferencia a entidades locais, o 8,8% (86.372 millóns de pesetas); Débeda pública, o 5,4% (53.201 millóns de pesetas); Seguridade Social e Protección Social, 3,6% (35.079 millóns de pesetas); Plan de crecemento e emprego, o 3,4% (33.785 millóns de pesetas); Infraestruturas básicas e do transporte, o 2,9% (28.057 millóns de pesetas); Agricultura, Gandería e Pesca, o 2,8% (27.601 millóns de pesetas); Promoción de Emprego, o 2,8% (27.002 millóns de pesetas); Cultura, o 2,4% (23.259 millóns de pesetas); Vivenda e Urbanismo, o 2,3% (22.690 millóns de pesetas); e Benestar comunitario, o 1,7% (16.278 millóns de pesetas). Este reparto recóllese no **cadro 3.1.9.**

As variacións cuantitativas, en termos absolutos, por grupos funcionais respecto ó ano 1999, son as seguintes: os Servizos de carácter xeral increméntanse en 242 millóns de pesetas; Seguridade, protección e promoción social diminúe en 6.884 millóns de pesetas; Produción de bens públicos de carácter social aumenta en 50.347 millóns de pesetas; Produción de bens públicos de carácter económico increméntase en 2.425 millóns de pesetas; Regulación económica de carácter xeral medra en 5.244

millóns de pesetas; Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial increméntanse en 4.417 millóns de pesetas; o Plan de crecemento e emprego diminúe en 708 millóns de pesetas; as Transferencias a entidades locais aumentan en 3.510 millóns de pesetas; e a Débeda pública diminúe en 481 millóns de pesetas.

Análise das actuacións previstas

O 47,7% do presuposto consolidado (467.832 millóns de pesetas) corresponde a actuacións previstas a realizar a través dos investimentos reais (109.538 millóns de pesetas), as transferencias de capital (92.323 millóns de pesetas) e as transferencias correntes (265.971 millóns de pesetas).

O **cadro 3.1.10.** reflicte que o 62,2% dos investimentos reais corresponde á Administración Xeral e o 37,8% ós organismos autónomos. Un 54% dos investimentos reais non está territorializado. Dos investimentos reais correspondentes á Administración Xeral as actuacións máis relevantes teñen o seu reflexo no **cadro 3.1.11.**

Respecto ós investimentos reais dos organismos autónomos, cabe destaca-las actuacións de Augas de Galicia, que dedica 7.096 millóns de pesetas en obras de saneamento e 3.648 millóns de pesetas en obras hidráulicas; do Sergas, que destina 2.167 millóns de pesetas á construción e equipamento de centros de saúde, 2.302 millóns de pesetas ó novo Hospital Clínico de Santiago de Compostela, 2.100 millóns de pesetas a plans de necesidades de atención especializada, 1.265 millóns de pesetas á ampliación do Hospital Nicolás Peña e Hospital da Costa, 3.213 millóns de pesetas a reformas, ampliacións e melloras da atención especializada e 1.041 millóns de pesetas ó Hospital Comarcal do Salnés-Vilagarcía; e do IGVS, que dedica 1.658 millóns de pesetas ó

CADRO 3.1.12.

Presupostos Xerais da C.A. Galega 1999: Transferencias de Capital e Correntes

	Transferencias de Capital		(en miles de pesetas) Transferencias Correntes	
		%		%
Administración Xeral (1) (2)	104.015.959	83,2	204.852.301	74,2
Parlamento	7.500	0,0	219.800	0,1
Consello de Contas	-	-	660	0,0
Consello da Cultura Galega	-	-	21.000	0,0
Consellería da Presidencia e Administración Pública	2.977.340	2,4	3.372.034	1,2
Consellería de Economía e Facenda	11.029.484	8,8	2.020.949	0,7
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda	23.093.829	18,5	1.825.216	0,7
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	4.913.618	3,9	53.257.023	19,3
Consellería de Industria e Comercio	11.179.526	8,9	1.365.839	0,5
Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria	19.921.362	15,9	1.137.769	0,4
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo	6.307.885	5,0	16.459.042	6,0
Consellería de Sanidade e Servizos Sociais	910.222	0,7	15.700.989	5,7
Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura	12.921.950	10,3	437.948	0,2
Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais	1.252.681	1,0	1.869.519	0,7
Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude	540.000	0,4	25.432.213	9,2
Consellería de Medio Ambiente	7.460.562	6,0	30.300	0,0
Gastos de Diversas Consellerías	1.500.000	1,2	-	-
Transferencias a Corporacións Locais	-	-	81.702.000	29,6
Organismos Autónomos	21.021.101	16,8	71.401.168	25,8
Escola Galega de Administración Pública	-	-	63.933	0,0
Instituto Galego de Estatística	-	-	3.400	0,0
Augas de Galicia	171.290	0,1	150.000	0,1
Servicio Galego de Consumo	-	-	101.000	0,0
Servicio Galego de Saúde	222.500	0,2	70.218.912	25,4
Serv. Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller	-	-	775.627	0,3
Instituto Galego de Vivenda e Solo	7.948.000	6,4	-	-
Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia	12.679.311	10,1	37.626	0,0
Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais	-	-	50.670	0,0
Total Presupuesto Bruto (3)	125.037.060	100,00	276.253.469	100,00
Total Transferencias Internas	32.713.980	26,16	10.282.046	3,72
Total Presupuesto Consolidado	92.323.080	73,84	265.971.423	96,28

(1) cadro 3.1.13. Actuacións previstas das transferencias de capital

(2) cadro 3.1.14. Actuacións previstas das transferencias correntes

(3) cadro 3.1.15. Resumo por clave de financiamento

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos 1999

solo empresarial e 4.550 millóns de pesetas á construción de vivendas.

O **cadro 3.1.12.** reflicte que o 83,2% das transferencias de capital e o 74,2% das transferencias correntes corresponden á Administración Xeral e o 16,8% das transferencias de capital e o 25,8% das transferencias correntes corresponde ós organismos autónomos. As actuacións máis relevantes das transferencias de capital, correspondentes á Administración Xeral, teñen o seu reflexo no **cadro 3.1.13.**, mentres as transferencias correntes se recollen no **cadro 3.1.14.**

Respecto ás transferencias de capital dos organismos autónomos, cabe salienta-las actuacións do IGVS, que dedica 3.955 millóns de

pesetas ó Plan Cuatrienal e 1.810 millóns de pesetas á rehabilitación de vivendas rurais; do ILGGA, onde salientan as axudas comunitarias a produtores derivadas da nova PAC, con 4.264 millóns de pesetas, axudas á explotación e cooperativas, con 3.445 millóns de pesetas, e axudas o cese anticipado agroambientais MAPA, con 3.065 millóns de pesetas.

No que atinxe ás transferencias correntes dos organismos autónomos, salientan as transferencias do Sergas, que dedica a farmacia (receitas médicas) un importe de 68.563 millóns de pesetas.

O **cadro 3.1.15.** resume por clave de financiamento os fondos que financian as transferencias de capital e as transferencias corren-

CADRO 3.1.13.

Actuacións previstas das transferencias de capital 1999

	importe	%	Total Consellería	%
	(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)	
Consellería de Presidencia e Adm. Publ.				
Proxectos de infraestrutura de investigación pública para I+D	2.050	2,0		
Colaboración con empresas privadas para I+D	325	0,3		
Transferencia a S.A. de desenvolvemento Comarcal	135	0,1		
Outras actuacións	467	0,4	2.977	2,9
Consellería de Economía e Facenda				
Transferencias ó IGAPE	5.945	5,7		
CC.LL. Fondo de cooperación local	4.250	4,1		
Transferencia ó CIXTEC	225	0,2		
Transferencia ó IGE	334	0,3		
Outras actuacións	275	0,3	11.029	10,6
Consellería de Política Territorial, O.P. e Vivenda				
Transferencias ó IGVS	8.154	7,8		
Transferencias a Augas de Galicia	10.566	10,2		
Transferencias a Portos de Galicia	2.674	2,6		
Autoestrada Santiago-Ourense	850	0,8		
Outras actuacións	850	0,8	23.094	22,2
Consellería de Educación e Ordenación Univ.				
Convenios con universidades	3.405	3,3		
Transferencia a universidades (R.A.M.)	821	0,8		
Fomento da lingua galega	357	0,3		
Convenio construción residencias universitarias. Ourense	200	0,2		
Outras actuacións	131	0,1	4.914	4,7
Consellería de Industria e Comercio				
Electrificación e enerxías alternativas	2.878	2,8		
Fomento da Calidade no tecido empresarial galego	1.682	1,6		
Plano galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico	837	0,8		
Fomento das actividades industriais	501	0,5		
Outras actuacións	5.282	5,1	11.180	10,7
Consellería de Agricultura, Gandería e Montes				
Aportación ILGGA	13.091	12,6		
Apoio a industrialización e comercialización	2.879	2,8		
Apoio ó investimento estratéxico	698	0,7		
Mellora da comercialización agroalimentaria	613	0,6		
Outras actuacións	2.640	2,5	19.921	19,2
Consellería de Cultura, Com. e Turismo				
Transferencia a CRTVG	1.236	1,2		
Transferencia ó Consorcio da cidade de Santiago	1.080	1,0		
Sociedade de imaxe e promoción turística de Galicia	825	0,8		
Fomento do turismo rural e balnearios	721	0,7		
Outras actuacións	2.446	2,4	6.308	6,1
Consellería de Sanidade e servizos Sociais				
Subvencións e convenios para servizos sociais	200	0,2		
Subvencións e convenios para investimentos ISSFL	203	0,2		
Subvencións e convenios para investimentos CC.LL.	222	0,2		
Plano de eliminación de barreiras arquitectónicas	89	0,1		
Outras actuacións	196	0,2	910	0,9
Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura				
Desenvolvemento da acuicultura e dos cultivos marinos	1.234	1,2		
Axudas á reestruturación da flota pesqueira	4.332	4,2		
Axudas a empresas de transformación dos produtos pesq.	3.382	3,3		
Axudas á renovación e modernización da flota pesqueira	3.504	3,4		
Outras actuacións	470	0,5	12.922	12,4
Consellería de Xustiza, Interior e RR.LL.				
Mellora das casas dos concellos	900	0,9		
Equipamento dos concellos	100	0,1		
CC.LL. Parques comarcais contra incendios	250	0,2		
Form. Ases. E orientación prevención riscos laborais I.C. Adapt	3	0,0		
Outras actuacións	-	0,0	1.253	1,2
Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuv.				
Subvencións e convenios para centros socioculturais CC.LL.	364	0,3		
Subvencións e convenios para centros socioculturais ISSFL	58	0,1		
Axudas a concellos para construcións e equipamento	100	0,1		
Outras actuacións	18	0,0	540	0,5
Consellería de Medio Ambiente				
Axudas á forestación de terras agrarias marginais	2.600	2,5		
Axudas a medidas forestais na agricultura	1.923	1,8		
Subvencións para investimentos en prevención de incendios	1.134	1,1		
Reforestación nas zonas queimadas e rurais	564	0,5		
Outras actuacións	1.240	1,2	7.461	7,2
Outros investimentos reais				
Parlamento	7	0,0		
Gastos diversas Consellerías	1.500	1,4		
Consello da Cultura Galega		0,0		
Consello Consultivo		0,0		
Gastos diversas Consellerías		0,0	1.507	1,4
TOTAL	104.016	100	104.016	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.14.

Actuacións previstas das transferencias correntes 1999

	importe	%	Total Consellería	%
	(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)	
Consellería de Presidencia e Adm. Publ.				
Entidades, federacións e técnicos deportivos	948	0,5		
S.A. de Desenvolvemento Comarcal	420	0,2		
Bolsas de investigación	678	0,3		
EGAP	401	0,2		
Outras actuacións	925	0,5	3.372	1,6
Consellería de Economía e Facenda				
IGE	345	0,2		
CES	131	0,1		
IGAPE	911	0,4		
CIXTEC	532	0,3		
Outras actuacións	102	0,0	2.021	1,0
Consellería de Política Territorial, O.P. e Vivenda				
IGVS	1.235	0,6		
Augas de Galicia	380	0,2		
Convenio con RENFE	205	0,1		
Estudios sobre calidade medioambiental	5	0,0		
Outras actuacións	-	-	1.825	0,9
Consellería de Educación e Ordenación Univ.				
Universidades para diversas accións	30.720	15,0		
Gratuidade de centros de ensino primario e ESO	15.652	7,6		
Gratuidade de centros de preescolar (infantil)	2.346	1,1		
Centros docentes non estatais de F.P. 1	1.199	0,6		
Outras actuacións	3.340	1,6	53.257	26,0
Consellería de Industria e Comercio				
Instituto Galego de Consumo	538	0,3		
Aportación a prestación de traballadores. Plano prexubilación	300	0,1		
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e D. Téc.	264	0,1		
Parque tecnolóxico de Galicia	150	0,1		
Outras actuacións	113	0,1	1.365	0,7
Consellería de Agricultura, Gandería e Montes				
Para cursos de formación e capacitación agraria	85	0,0		
ILGGA	862	0,4		
Consello regulador e org. Rect. Denominación calidade	74	0,0		
Axudas o asociacionismo agrario	38	0,0		
Outras actuacións	79	0,0	1.138	0,6
Consellería de Cultura, Com. e Turismo				
RTVG e as súas sociedades	10.324	5,0		
S.A. de Xestión do Plano Xacobeo	4.800	2,3		
IGAEM	343	0,2		
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia	349	0,2		
Outras actuacións	643	0,3	16.459	8,0
Consellería de Sanidade e servizos Sociais				
SERGAS	4.966	2,4		
Pensións asistenciais a anciáns e enfermos incapacitados	4.200	2,1		
Renda de Integración Social	2.108	1,0		
Convenios para servizos sociais. Plan concertado. CC.LL.	1.734	0,8		
Outras actuacións	2.693	1,3	15.701	7,7
Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura				
Regulación de mercados pesqueiros	99	0,0		
Programa de formación sector mexilloeiro	80	0,0		
Outras actuacións	259	0,1	438	0,2
Consellería de Xustiza, Interior e RR.LL.				
Colexios de avogados	461	0,2		
Convenio co Ministerio do Interior retribucións policía autonómica	298	0,1		
Academia Galega de Seguridade	259	0,1		
Formación en materia de saúde laboral.	110	0,1		
Outras actuacións	742	0,4	1.870	0,9
Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuv.				
Formación de traballadores en paro. Plano F.I.P.	5.814	2,8		
Axudas a escolas obradoiro e casas de oficio	4.036	2,0		
Axudas á contratación e fomento do emprego	4.551	2,2		
Programas de Cooperación con entidades locais	2.408	1,2		
Axudas á economía social	1.165	0,6		
Medidas activas de emprego	1.800	0,9		
Orientación profesional para o emprego	1.020	0,5		
Outras actuacións	4.638	2,3	25.432	12,4
Consellería de Medio Ambiente				
Outras actuacións	30	0,0	30	0,0
Outros investimentos reais				
Parlamento	220	0,1		
Consello de Contas	1	0,0		
Consello da Cultura Galega	21	0,0		
Corporacións Locais	81.702	39,9		
Gastos diversas Consellerías	-	-	81.944	40,0
TOTAL	204.852	100	204.852	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.15.

Presupostos Xerais da C.A. Galega 1999: Transferencias de Capital e Correntes. Resume por Clave de Financiamento

	Transferencias de capital	%	(en miles de pesetas) Transferencias correntes	%
Fondos Propios	56.923.535	45,5	166.366.355	60,2
libres	50.326.219	40,2	163.578.439	59,2
que cofinancian	6.597.316	5,3	2.787.916	1,0
F.C.I.	11.813.655	9,4	-	-
FCI libre	6.459.734	5,2	-	-
FCI que cofinancia	5.353.921	4,3	-	-
FEDER	11.071.211	8,9	1.476	0,0
MAC	10.098.304	8,1	-	-
Interreg	824.356	0,7	1.476	0,0
Iniciativa emprego e R. Humans	21.132	0,0	-	-
Iniciativa comunitaria adapt.	5.011	0,0	-	-
Iniciativa comunitaria pesca	122.408	0,1	-	-
FEOGA	26.833.550	21,5	-	-
P.O.1	1.829.150	1,5	-	-
P.O.2	6.604.000	5,3	-	-
Garantía	18.377.650	14,7	-	-
Orientación L.H.	22.750	0,0	-	-
Transferencias finalistas	6.795.518	5,4	103.443.113	37,4
do Estado	3.211.300	2,6	102.422.033	37,1
do Estado que cofinancian	3.584.218	2,9	1.016.080	0,4
doutras Administracións	-	-	5.000	0,0
IFOP	9.765.251	7,8	-	-
Programa operativo	9.655.583	7,7	-	-
Iniciativa comunitaria Pesca	109.668	0,1	-	-
Fondos de Cohesión	1.834.340	1,5	-	-
Fondo Social Europeo	-	-	6.442.525	2,3
Programa Operativo	-	-	5.548.053	2,0
Interreg II	-	-	31.408	0,0
Inic. Comunitaria Emrego e R. Humanos	-	-	599.084	0,2
Inic. Comunitaria Adapt.	-	-	198.896	0,1
Inic. Comunitaria Pesca	-	-	65.084	0,0
Total presuposto bruto	125.037.060	100	276.253.469	100

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos 1999

tes. As transferencias de capital son financiadas nun 45,5% por fondos propios, nun 39,7% con fondos procedentes da Unión Europea e nun 9,4% polo FCI. O resto, un 5,4%, foi financiado por transferencias finalistas.

As transferencias correntes fináncianse nun 60,2% por fondos propios, nun 37,4% con transferencias finalistas e nun 2,3% polo Fondo Social Europeo.

A conta financeira

A estimación dos ingresos non financeiros sitúase en 938.839 millóns de pesetas, cunha variación respecto a 1998 do 6,8%, mentres que

os gastos non financeiros ascenderon a 951.198 millóns de pesetas, o que supón unha variación do 6,2% respecto a 1998.

A necesidade de financiamento sitúase en 12.359 millóns de pesetas, un 27,3% menos que no ano 1998, significando o 1,46% dos ingresos correntes e un 12,47% do aforro por operacións correntes.

O aforro por operacións correntes aumenta en 21.838 millóns de pesetas, ata acadalos 99.046 millóns de pesetas, o que supón un 28,3% de incremento respecto ó exercicio anterior. O déficit por operacións de capital aumenta en 17.198 millóns de pesetas e acada os

CADRO 3.1.16.

Conta financeira da C.A. 1998-99

(en millóns de pesetas)

	1998	1999	99/98	
			(%)	
1 Operacións correntes				
Ingresos	782.486	848.383	65.897	8,4
Gastos	705.278	749.337	44.059	6,2
Aforro por operacións correntes	77.208	99.046	21.838	28,3
2 Operacións de capital				
Ingresos	96.358	90.456	-5.902	-6,1
Gastos	190.565	201.861	11.296	5,9
Deficit por operacións de capital	94.207	111.405	17.198	18,3
Necesidades de financiamento	17.000	12.359	-4.641	-27,3
3 Operacións financeiras				
Recursos financeiros	42.757	40.873	-1.884	-4,4
Atencións financeiras	25.757	28.514	2.757	10,7
Financiamento	17.000	12.359	-4.641	-27,3
4 Endebedamento neto				
Endebedamento bruto	42.749	40.867	-1.882	-4,4
Amortizacións	21.749	22.867	1.118	5,1
Endebedamento neto	21.000	18.000	-3.000	-14,3

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

111.405 millóns de pesetas, o que representa un 18,3% de incremento sobre o exercicio anterior.

O ratio aforro neto (aforro por operacións correntes–endebedamento neto)/operacións de capital (gastos) pasa do 29,5 do exercicio anterior ó 40,1 en 1999, o que supón un incremento da cobertura das operacións de capital polo aforro neto.

O endebedamento bruto da Comunidade Autónoma (40.867 millóns de pesetas), que representa a necesidade de financiamento de investimentos máis o importe das amortizacións e a variación de activos financeiros, diminúe nun 4,4% sobre a cifra presupostada inicialmente no exercicio anterior. O endebedamento neto en 1999 é de 18.000 millóns de pesetas.

A carga financeira da débeda pública nos presupostos de 1999 situouse en 53.201 millóns de pesetas, 30.334 millóns de pesetas de gastos financeiros e 22.867 millóns de amortización da débeda. A carga financeira supuxo o 6,27% dos ingresos correntes presupostados, diminuindo un 0,9% (482 millóns de pesetas) res-

pecto ó ano anterior, debido á diminución dos intereses nun 5% (1.600 millóns de pesetas) que compensa o aumento dun 5,1% da amortización (1.118 millóns de pesetas). Estas cifras obtéñense do **cadro 3.1.16**.

Segundo o informe sobre “Os principais indicadores da actividade económico financeira da Comunidade Autónoma de Galicia” (da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma), o esquema de relacións, en termos de caixa, mostra os seguintes datos ó cuarto trimestre de 1999:

Ingresos non financeiros
656.215,7 millóns de pesetas
Pagos non financeiros
672.021,9 millóns de pesetas
Déficit de caixa non financeiro
15.806,2 millóns de pesetas

O presuposto das sociedades públicas:
entes públicos e sociedades mercantís

No ano 1999, incorpóranse ó presuposto das sociedades públicas varios entes públicos –O Centro Informático para a Xestión Tributa-

CADRO 3.1.17.

Presupostos das sociedades públicas 1998-99: sociedades mercantís

(en millóns de pesetas)

	1998		1999		99/98	
	Explotación	Capital	Explotación	Capital	Explotación	Capital
S.A. de Desenv. Comarcal de G.	480	171	568	179	18,3	4,7
S.A. Xestión Centro Superc. Galicia	290	157	322	166	11,0	5,7
Ctro. Europeo de Empr. e Inn de G., S.A.	106	5	108	5	1,9	0,0
SODIGA (1)	313	631	333	2.506	6,4	297,1
S. Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (1)	1.303	25.141	1.816	29.388	39,4	16,9
Xestur A Coruña S.A.	4.228	316	1.973	322	-53,3	1,9
Xestur Lugo, S.A.	432	16	279	15	-35,4	-6,3
Xestur Ourense, S.A.	923	32	835	14	-9,5	-56,3
Xestur Pontevedra, S.A.	482	67	199	31	-58,7	-53,7
Galioli, S.A.	86	1	2	-	-97,7	-100,0
Galicia Calidade, S.A.	100	60	100	70	0,0	16,7
Xestión Enerxética de Galicia	252	42	227	36	-9,9	-14,3
Xenética Fontao, S.A.	-	-	87	11	-	-
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo	3.377	879	5.624	888	66,5	1,0
Sociedade de I. e P. Turística de Galicia	788	662	790	860	0,3	29,9
RETEGAL S.A.	-	-	109	36	-	-
Instituto Galego de Medicina Técnica (1)	2.765	397	4.183	1.073	51,3	170,3
SOGAMA (1)	1.596	14.528	3.617	27.646	126,6	90,3
Total	17.521	43.105	21.172	63.246	20,8	46,7

(1) cadro 3.1.19. Actuacións previstas dos presupostos de capital

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.18.

Presupostos das sociedades públicas 1998-99: entes públicos

(en millóns de pesetas)

	1998		1999		99/98	
	Explotación	Capital	Explotación	Capital	Explotación	Capital
Consello Económico e Social	126	6	131	6	4,0	0,0
IGAPE (1)	1.107	9.964	1.136	10.958	2,6	10,0
CIXTEC	-	-	665	225	-	-
Portos de Galicia (1)	1.248	3.266	1.397	3.267	11,9	0,0
Obras e Servizos Hidráulicos	250	20	300	20	20,0	0,0
C. Radio-Televisión de Galicia (1)	13.533	1.417	15.999	2.124	18,2	49,9
Fund. P. Hospital de Verín	1.374	49	1.408	32	2,5	-34,7
Fundac. Instituto Galego de Oftalmoloxía	233	79	241	84	3,4	6,3
Fund. P. Hospital V.A. Xunqueira	898	1	1.386	161	54,3	-
Fund. P. Hospital da Barbanza	1.218	110	1.376	99	13,0	-10,0
Escola Galega de Admón. Sanitaria	-	-	240	1	-	-
Foro Pte Galego Iberoamericano de Saúde	-	-	60	67	-	-
Total	19.987	14.912	24.339	17.044	21,8	14,3

(1) cadro 3.1.19. Actuacións previstas dos presupostos de capital

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

ria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC), a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) e a Fundación Foro Permanente Galaico-Iberoamericano da Saúde— e sociedades mercantís —Xenética Fontao, S.A., e Retegal, S.A.—.

O presuposto de explotación das sociedades mercantís incrementábase nun 20,8%, pasan-

do de 17.521 millóns de pesetas en 1998 a 21.172 millóns de pesetas en 1999. O presuposto de capital das ditas sociedades aumentou nun 46,7%, pasando de 43.105 millóns de pesetas en 1998 a 63.246 millóns de pesetas en 1999, como amosa o **cadro 3.1.17**.

O presuposto de explotación dos entes públicos incrementouse nun 21,8%, desde os

CADRO 3.1.19.

Actuacións previstas nos presupostos de capital 1999

	importe	%	Total Sociedades	%
	(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)	
IGAPE				
Apoio ó investimento empresarial	5.681	7,1		
Promoción empresas e C. de empresas	1.025	1,3		
Apoio á reestruturación de pasivos	730	0,9		
Outras actuacións	3.522	4,4	10.958	13,6
PORTOS DE GALICIA				
Infraestructuras portuarias	3.186	4,0		
Estudios e proxectos	70	0,1		
Outras actuacións	11	0,0	3.267	4,1
C. RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA E SOCIEDADES				
Ampliación de capital en Televisión Galicia	600	0,7		
Inmobilizado	655	0,8		
Outras actuacións	869	1,1	2.124	2,6
SODIGA				
Aumento de capital circulante	1.242	1,5		
Inmobilizado financeiro	1.259	1,6		
Outras actuacións	5	0,0	2.506	3,1
SOCIEDADE PÚBLICA DE INVERSIONES DE GALICIA, S.A.				
Consellería de Educación ...	11.075	13,8		
Consellería de Agricultura...	2.956	3,7		
Consellería de Economía...	2.810	3,5		
Consellería de Política Territorial...	9.203	11,5		
Consellería de Xusticia...	1.350	1,7		
Consellería de Presidencia...	1.945	2,4		
Outras Consellerías...	49	0,1	29.388	36,6
INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA				
Inmobilizado	502	0,6		
Outras actuacións	571	0,7	1.073	1,3
SOGAMA				
Inmobilizado material	17.889	22,3		
Aumento capital circulante	9.704	12,1		
Outras actuacións	53	0,1	27.646	34,4
OUTRAS SOCIEDADES PÚBLICAS	3.328	4,1	3.328	4,1
TOTAL	80.290	100	80.290	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

19.987 millóns de pesetas de 1998 a 24.339 millóns de pesetas en 1999. O presuposto de capital destes entes pasa de 14.912 millóns de pesetas a 17.044 millóns de pesetas, o que supón un incremento do 14,3% (**cadro 3.1.18.**).

SPI-Galicia, S.A., co 36,6%, Sogama, co 34,4% e o Igape, co 13,6%, supoñen el 84,6% do presuposto de capital do total das Sociedades Públicas. As actuacións máis relevantes previstas nos presupostos de capital das sociedades públicas reflíctense no **cadro 3.1.19.**

Sumando o total de gastos por operacións non financeiras de capital, dos presupostos consolidados (201.861 millóns de pesetas), co pre-

suposto de capital das Sociedades Públicas, que teña como orixe de fondos o financiamento alleo a longo prazo (SPI-Galicia, S.A: 29.231 millóns de pesetas e Sogama: 12.222 millóns de pesetas), obteríase unha porcentaxe das operacións non financeiras de capital co respecto o VEB galego a custo dos factores (fonte: Funcas) do 4,6%.

SPI-Galicia, S.A. aplica todo o seu presuposto de capital ós investimentos reais que, por mandato das distintas consellerías, estean incluídos no Plan Económico Financeiro Global aprobado polo Consello da Xunta para cada exercicio. Sogama recolle no seu presuposto de capital os investimentos necesarios para a cons-

CADRO 3.1.20.

Endebedamento materializado en valores e créditos non comerciais das CC.AA. 1998-99 ⁽¹⁾: *débeda / habitante*

(End/hab: euros)

	1998 ⁽²⁾		1999 ⁽³⁾	
	Débeda acumulada (en millóns de euros)	End/hab (4) (en euros)	Débeda acumulada (en millóns de euros)	End/hab (4) (en euros)
Andalucía	6.315	873	6.355	878
Aragón	883	746	906	766
Asturias	529	489	550	508
Baleares	321	403	335	421
Canarias	922	566	820	503
Cantabria	168	319	215	408
Castela - A Mancha	579	337	559	326
Castela e León	1.032	415	1.046	421
Cataluña	8.953	1.456	9.413	1.531
Estremadura	564	527	617	577
Galicia	2.572	944	2.651	973
A Ríoxa	124	470	140	531
Madrid	3.610	709	3.793	745
Murcia	568	509	595	534
Navarra	687	1.294	666	1.255
País Vasco	2.067	985	1.931	920
Valencia	4.095	1.018	4.808	1.195
Total	33.992	853	35.401	888

(1) datos correspondientes ó 4º trimestre de cada ano
(2) datos provisionais
(3) avance
(4) a partir de datos da Revisión Padronal de 1-1-1998
Fonte: Banco de España

trucción e posta en marcha das instalacións do Complexo Medioambiental de Cerceda e para levar a cabo o Plan Xeral de Eliminación de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia. O Igape aplica o seu presuposto de capital a tres grandes programas: Apoio ó investimento empresarial; Apoio á reestructuración de empresas; e Programa de capital risco.

O **cadro 3.1.20.** reflicte o endebedamento materializado en valores e créditos non comerciais das Comunidades Autónomas nos anos 1998 e 1999. Como se pode apreciar, a débeda acumulada en Galicia, segundo o avance do Banco de España, foi de 2.651 millóns de euros (441.089 millóns de pesetas), un 3,07% máis que no ano anterior. Esta cantidade significa o 7,5% do endebedamento total das Comunidades Autónomas españolas.

O endebedamento por habitante acadou os 973 euros (161.894 pesetas), un 9,5% superior á media de endebedamento por habitante do conxunto das Comunidades Autónomas. ■